



Título de Cronista Xeral de Galicia asinado polo presidente da Xunta de Galicia, 30 de xaneiro de 1992
[MPG: Fondo "A. Fraguas"]

Herminia Pernas Oroza

Burela (Lugo), 1967

Doutora en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. A súa liña investigadora xira en torno á historia social de Galicia (a súa tese foi *La condición obrera en Santiago de Compostela durante el siglo XIX*). Realizou, así mesmo, achegas a outros campos da mesma disciplina como as dinámicas sociopolíticas e o comportamento das elites urbanas ao longo do século XX, os movementos migratorios, a historia do ocio e a his-

toriografía de xénero. En 2002 obtivo o Premio Xohana Torres de Investigación do Concello de Santiago, e 2008 o 2º do I Certame Máximo Sar de memoria popular do Concello de Caldas de Reis, co traballo titulado "De Carmiña a Doña Carmen. Unha experiencia de vida". Formou parte de varios proxectos de investigación, na USC e no Museo do Pobo Galego. Impartiu cursos de doutoramento na Facultade de Xeografía e Historia (USC) entre 1999-2007. E desde 2007 ata 2011 titorizou cursos na PLATEGA (Xunta de Galicia). Desde 2017 forma parte do Grupo de Traballo da materia de Histo-

ria de España (CIUG). Exerce o seu labor docente como profesora de Ensino Secundario. Algunhas obras: *Las clases trabajadoras en la sociedad compostelana del siglo XIX* (2001), *Entre Nós, Estudios de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor X. M. Pose Antelo* (2001), *Esquecidas pola historia: as mulleres compostelás entre finais do século XIX e o primeiro tercio do XX* (2003), dirixiu a edición de *A gandaría, tesouro de Galicia* (2006), *Historia das mulleres en Galicia. Época Contemporánea* (2011)... Colabora en publicacións colectivas e periódicas.

Unha achega dende a historiografía

Herminia Pernas Oroza

Antonio Fraguas: profesor, etnógrafo, arqueólogo, historiador, xeógrafo e como non podía ser doutra maneira: *Cronista Xeral de Galicia*; pero ante todo, un galego que profesaba un amor abstracto polo seu país.

Mais o que cómpre sinalar aquí é a súa faceta de historiador; tarefa nada fácil nunha actualidade en que continuamente están a xurdir novidosas formulacións historiográficas, novas fontes, outros retos e distintas alternativas: unha nova Historia Cultural, unha nova Historia Social, a “crise” do oficio de historiador dentro da sociedade, e un longo etcétera. Xa en 1974 Pierre Nora sentenciaba que “vivimos unha Historia en migallas, ecléctica, aberta a curiosidades que non hai que rexeitar”. Nada hai pois tipificado, pero é que tampouco Don Antonio nos facilitou o labor á hora de analizar a súa abondosa obra.

Se tivésemos que cualificar as súas achegas á Historia ou mellor dito, encadrar o autor das mesmas nunha determinada corrente historiográfica, cal empregariamos?, a de historia cultural?, diríamos que foi un etno-historiador? ou, mellor, un historiador ruralista? Abofé que a el lle gustaría esta última cualificación, pero cambiando o termo ruralista polo de *historiador de aldea*.

A súa obra non se sitúa nunha marxe establecida nin se deixa establecer, senón que ten concomitancias e

afinidades con varias disciplinas como comentaremos máis tarde. Todo neste mundo require un comezo, e imos polo principio.

En 1922 creábase a sección de Historia na Facultade de Filosofía e Letras; creación que foi vital para a formación en Historia e tamén para a historia da propia Universidade de Santiago, xa que no seu seo fóronse xestando traballos monográficos como o de Antonio Fraguas, que fixo a súa tese sobre o colexio de Fonseca (presentada en 1948 e posteriormente editada en dous documentos complementarios, nos anos 1956 e 1958).

Trátase dun meticuloso traballo de erudición de corte histórico clásico, tal e como mandaban os canons de entón. Pode chamárselle historia documental ou tamén historia *evenemencial*; expresión introducida polo sociólogo francés François Simiand, e que se define como a concepción simplificada da historia que tende a eliminar a causalidade estrutural do devir histórico, substituíndo a explicación profunda pola simple seriación dos acontecementos.

Viñeron logo un amplo conxunto de traballos análogos, nos que a pesar de non interaccionar coa historia resultan igualmente enriquecedores debido ao tremendo esforzo de “carrexo” informativo realizado. Serven como exemplo: *Real Sociedad de Amigos del País de Santiago: Primera época 1784-*



Real Sociedad de Amigos del País de Santiago:
Primera época 1784-1813-1821
(Santiago de Compostela, 1986)



La condesa de Pardo Bazán y el Folklore
(A Coruña, 1974)

1813-1821 (1986); "Apuntes para la historia de la Primera Enseñanza en el valle de Quiroga" (*Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, -BCPML- 1954), "Santiago y su tierra en el catastro del Marqués de la Ensenada" (*Cuadernos de Estudios Gallegos* -CEG- 1970). Caben tamén aquí as narracións de determinados acontecementos como "Una impresión del viaje de los Reyes Católicos a Galicia" (*BCPML*, 1953); "Notas sobre el recibimiento del Arzobispo Don Maximiliano de Austria" (*Compostellanum*, 1961).

Obedecen á mesma tipoloxía descritiva os seus traballos sobre a Historia da Arte como "La Iglesia de Santa María de Janza" (*Museo de Pontevedra* -MP- 1951); "Apuntes sobre la Iglesia de Santiago de Loureiro" (*Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, 1960); "El Santuario de la Peregrina en Compostela" (*MP*, 1983).

Ademais de escribir sobre o evento histórico (*l'événement*), tamén se ocupou do xénero biográfico: *Manuel Murguía: o patriarca* (Vigo, 1979); "Castelao en Cotobade" (*Boletín de la Real Academia*

Gallega, 1975); "Castelao" (*A Nosa Terra*, 1977); "La condesa de Pardo Bazán y el folklore" (*Revista del Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses*, 1975); *Aquilino Iglesia Alvariño: vida y obra: escolma de textos* (A Coruña, 1986); *Celso Emilio Ferreiro* (A Coruña, 1989).

E, mentres, o noso Don Antonio investigaba e escribía á maneira [academicista] que ficaba establecida nos anos da súa formación, conforme avanzaba a década dos setenta, estaba a acadar un gran predicamento no panorama historiográfico estatal (e tamén no galego, aínda que a estes lares chegou un pouco máis tarde), a historia social, convertida enseguida nun paradigma historiográfico en permanente expansión, e posto en práctica por un número cada vez máis grande de historiadores.

En consecuencia, a historia como narración quedaba enteiramente eclipsada por unha pretensión de "cientificidade" buscada "a toda présa". Así, chegou a dicirse que "a historia que non é cuantificable non pode chamarse científica" (Le Roy Ladurie); e foi precisamente a cuantificación a que postergou



Celso Emilio Ferreiro
(A Coruña, 1989)



Emplazamiento de ferias en Galicia a fines del
siglo XVIII
(Santiago de Compostela, 1968)

ou desprazou a un segundo plano a historia narrativa de acontecementos xunto coa biografía individual.

Este, digamos, fetichismo polos números e polas series produciu por forza, os seus mellores froitos nos eidos da demografía e da economía histórica (sempre, claro está, que se dispuxese de fontes suficientes e minimamente fiables para a confección de series). Agora estudábanse as producións, prezos, defuncións, matrimonios... E aquí volvemos ter unha nova achega de Fraguas á historia social e económica a través de dúas obras: *Emplazamiento de ferias en Galicia a fines del siglo XVIII* (CEG, 1968); *La Villa y la Tierra de Padrón en el Catastro de Ensenada* (CEG, 1975).

Trátase dunha máis que curiosa aportación, porque no momento en que foron escritas aínda non podía falarse de influencias metodolóxicas importadas das escolas académicas de moda no xénero (francesas e anglosaxonas). O seu olfacto de historiador fíxolle acudir a unhas fontes precisas e idóneas das que sacou unha información, aínda que expositiva, tamén

seriada e a través da que se pode coñecer a estrutura da balanza mercantil de Galicia.

Na monografía dedicada á vila de Padrón e á súa terra, a partir do Catastro de Ensenada, anticipa o método de estudo que sobre esta fonte se fixo desde o Departamento de Historia Moderna da USC.

Nesta mesma corrente podemos incluír artigos como "Aportación al estudio de la dote". *Lar*, nº. 224-225 (1952); "O cambio familiar". *I Congreso Internacional da Cultura Galega*, (1990), produto da súa incursión nos arquivos de protocolos notariais.

Aos poucos, o característico privilexio que se lle outorgou á historia económica e social foi sendo compartido por unha historia das mentalidades concibida case como antropoloxía, xa que incidía no estudo das realidades máis elementais (a cultura material e simbólica) das sociedades. E tamén neste campo temos que destacar algunhas obras de Fraguas, de contido etnográfico e/ou antropolóxico que estudan a sociedade rural.



Geografía de Galicia
(Santiago de Compostela, 1953)



Miscelánea de Geografía de Galicia en
Homenaje a Otero Pedrayo
(Santiago, 1978)

Don Antonio válese para isto do método etnográfico e da historia oral, que combina sabiamente con fontes impresas. Non hai forma mellor para elaborar “historias de vida” en que rescata ao mesmo tempo, as esferas íntima e cotiá. Xorden así traballos como *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas* (A Coruña, 1973); *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (Trasalba - Ourense, 1985).

O historiador de aldea ocúpase, como non podía ser doutro xeito, da cultura popular, desa que non dimana nos ateneos nin nas conversas de café, senón nas tabernas e no devalar dos labores do campo. E de novo anticipouse á moderna historiografía culturalista dentro da que o Entroido ocupa un lugar destacado, ao tratarse da festa popular por antonomasia, sen esquecer tampouco outro tipo de festas como o Nadal. Serven como exemplo: “O Entroido nas terras do sul de Cotobade” (*Nós*, 1930); “Máscaras y sermones del carnaval en Cotobad” (*Revista de Dialectología y Tradiciones Populares -RDTP-* 1946); “Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes” (*RDTP*, 1947); *A festa popular en Galicia* (Sada, 1995), onde

afloran, ludicamente expresadas, as modestas economías campesiñas, os enfrontamentos velados entre clases sociais e xeracións, e o carácter de transgresión controlada que ten o Entroido.

Eis algunhas das contribucións de Fraguas á Historia: reuniu unha enorme cantidade de material empírico que serve de base insubstituíble para os historiadores posteriores que traballan nesa liña ou mellor dito, liñas, como son a Historia Antropolóxica e a Historia Cultural do social que entronca con temas como o da sociabilidade. Tal e como afirmou o profesor Eiras Roel, non se trata só de amenos relatos, senón dunha manifestación temperá e adiantada para Galicia do que na actualidade se chama historia das mentalidades, feita por un “historiador laborioso e prolífico” que realizou a súa formación universitaria fóra dos grandes centros europeos da súa época.

Por último, pero non por iso menos importante, queremos referirnos á faceta de Don Antonio como xeógrafo, na que inaugurou, baixo a dirección de Otero Pedrayo, os estudos de xeografía histórica. Quizás as súas obras xeográficas máis destacadas se-



O río Miño e os seus afluentes, dende o nacemento ata a desembocadura (A. Fraguas: Geografía de Galicia, 1953)

xan *Geografía de Galicia* (Santiago de Compostela, 1953) e “Geografía de un lugar” en *Miscelánea de Geografía de Galicia en Homenaje a Otero Pedrayo* (Santiago, 1978), onde desenvolve un completo percorrido pola xeografía física, humana e político-administrativa da nosa terra.

Esta faceta constitúe unha pequena parte da súa ampla produción bibliográfica e trátase dunha obra de divulgación, de carácter descritivo e de recompilación bibliográfica, aínda que tamén presenta aportacións orixinais cando toca aspectos etnográficos, antropolóxicos e artísticos.

E por enmarcar tamén o seu labor dentro desta disciplina, podemos dicir que se trata dun xeógrafo de enfoque historicista, coma se fose un seguidor da xeografía *vidaliana* (Vidal de la Blache), que utiliza un método inductivo historicista; isto é, ve a xeografía como unha ciencia de observacións xa que é unha ciencia do territorio, e polo tanto hai que observala desde o terreo. Esta serie de observacións deben

remitirse a principios xerais que permitan explicar a realidade. A rexión é a escala privilexiada que se suxire para estudar estas combinacións, e aparece a paisaxe como resultado das sucesivas modificacións que o home ten realizado sobre o medio físico.

As apreciacións e valoracións que Don Antonio Fraguas fai das paisaxes, dos recursos e das formas de vida características de Galicia revelan un amor incondicional pola súa terra. E todas as Historias da terra empeza(ba)n por unha Xeografía.